



RESOLUCIÓN DO 25 DE MAIO DE 2023 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE CONVOCA A PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN COLEXIADA, DUN POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA – ÁREA DE INNOVACIÓN E COORDINACIÓN EN CIRURXÍA ABDOMINAL TRASPLANTE.

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo) regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. En desenvolvemento do citado Decreto, ditouse a Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 7 de marzo), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da citada Orde do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,

RESOLVE

CONVOCAR, para a súa cobertura polo procedemento de provisión de avaliación colexiada, un posto de XEFE/A DE SECCIÓN DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA – ÁREA DE INNOVACIÓN E COORDINACIÓN EN CIRURXÍA ABDOMINAL TRASPLANTE, vacante na Área Sanitaria da Coruña e Cee, así como aprobar as Bases (Anexo I), o baremo de méritos (Anexo II), o modelo de solicitude de participación (Anexo III), o modelo de solicitude de percepción do complemento específico (Anexo IV) e o Plan de obxectivos do Servizo (Anexo V), que rexerán na presente convocatoria.



No procedemento de provisión da praza que se convoca resultan de aplicación as normas xerais de procedemento contidas na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE do 2 de outubro de 2015), as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (BOE do 17 de decembro de 2003) no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo) polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG núm.106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demais de pertinente aplicación.

Contra a presente Resolución, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 25 de maio de 2023

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee
SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e Cee
XERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 2 de xuño de 2023 publícase no DOG número 104 o anuncio da presente convocatoria, e procédese a súa publicación na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee



O Director de RR.HH.
Javier Fernández Nistal



ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA – ÁREA DE INNOVACIÓN E COORDINACIÓN EN CIRURXÍA ABDOMINAL TRASPLANTE

Primeira.- Requisitos.

Para seren admitidos no citado procedemento de provisión os/as aspirantes deberán posuír no día de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión os seguintes requisitos:

- a) Ostentar a condición de persoal estatutario fixo licenciado sanitario, en situación de activo en institucións sanitarias do Sistema nacional de saúde, da categoría e/ou especialidade ou especialidades que habiliten para acceder ás prazas básicas do correspondente servizo ou ser titular de praza vinculada docente-asistencial na mesma especialidade.
- b) Estar en posesión do título universitario oficial de grao ou de Licenciado/a en Medicina e do título de especialista expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia na especialidade de Cirurxía Xeral e Dixestiva.
- c) Tres anos de experiencia profesional na categoría e/ou especialidade referida nas Institucións Sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou desempeñando praza vinculada docente-asistencial.

Segunda.- Solicitudes e documentación.

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se achega como Anexo III, que estará a súa disposición na Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), debendo achegar ademais xunto coa solicitude:



1. **Documento de identificación:** Fotocopia do D.N.I., pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.

2. **Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisión,** establecidos na base primeira da Resolución de convocatoria, o que deberá efectuarse mediante:

2.1. Certificación expedida polo Servizo de Saúde correspondente de que ostenta a condición de persoal estatutario fixo licenciado sanitario en situación de activo. No suposto de desempeñar praza vinculada docente asistencial, certificación expedida polo órgano competente da correspondente Universidade.

2.2. Certificación expedida polo/s Servizo/s de Saúde correspondente/s, acreditativa dos tres anos de experiencia profesional na categoría que ostenta de licenciado sanitario, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, ou no caso de praza vinculada docente-asistencial, certificación emitida polo órgano competente que acredite a mesma experiencia.

3. **Certificación do Rexistro Central de delincuentes sexuais** dependente do Ministerio de Xustiza, de non ter sido condenado mediante Sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, por esixencia do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e adolescencia.

4. **Currículo profesional.** Atenderase á experiencia profesional e ás actividades, docentes e de investigación, indicativas da actualización de coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño das correspondentes funcións e, de ser o caso, a implicación dos/as aspirantes na xestión mediante a xefatura e coordinación de unidades e equipos, as titorías e organización de formación así como a participación en comités internos.

A acreditación dos méritos deberá realizarse a través do Expedient-e (intranet SERGAS – FIDES). Se a documentación xa foi presentada con anterioridade no Expedient-e, non será preciso volver presentala, de non ser así deberá acreditarse mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada. No caso de méritos que poidan ser obxecto de valoración segundo esta convocatoria



(participación en comités internos, proxectos institucionais, etc.) e que actualmente non teñen cabida en Fides, deberán ser entregados separadamente e relacionarse no currículo.

No Anexo VI, consta o procedemento de acreditación de méritos a través do Fides/Expedient-e. Para calquera dúbida relativa a este procedemento poden consultar co Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee: espazo.do.profesional.coruna@sergas.es

Valoraranse os méritos causados ata o día inmediatamente anterior ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e que sexan acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

5. **Proxecto técnico relacionado coa xestión do Servizo**, que conterá un programa de obxectivos, cuantitativos e cualitativos, do mesmo en relación co plan de obxectivos fixado polo órgano convocante, e que se recollen como Anexo V da presente Resolución.

6. No caso de que o/a aspirante faga constar na solicitude de participación o **compromiso de dedicación exclusiva** coa Institución e non veña prestando servizos nese réxime, deberá achegar solicitude de percepción de complemento específico formulada no modelo que figura como Anexo IV da presente Resolución.

Os/as titulares de praza vinculada docente-asistencial deben presentar declaración xurada de que desempeñan tal posto en réxime de dedicación exclusiva.

A documentación correspondente aos apartados 3) e 4) da presente Base deberá ser achegada necesariamente xunto coa solicitude e non será, en ningún caso, susceptible de emenda nun momento posterior. No caso de insuficiente acreditación dos requisitos de admisión esixidos na convocatoria poderán ser corrixidos no prazo que estableza a lista provisoria de admitidos e excluídos de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria.

Terceira.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.



As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación a aportar sinalada na base segunda, no Rexistro do Hospital Universitario A Coruña (Edificio Hotel de Pacientes, As Xubias de Arriba 84, 15006, A Coruña) e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Será causa de non admisión no citado procedemento de provisión a presentación extemporánea da solicitude pola persoa interesada.

Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar na súa solicitude. O domicilio que figure na mesma considerarase como o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a candidato/a tanto os erros na consignación do mesmo como a falla de comunicación de calquera cambio de domicilio.

Cuarta.- Procedemento de provisión.

A provisión do posto convocado realizarase polo sistema de avaliación colexiada, na que se tomará en conta, tanto o currículo profesional como o proxecto técnico relacionado coa xestión do Servizo, aportados ámbolos dous polos aspirantes, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Presentación do proxecto técnico:

1.- Un exemplar escrito en sobre pechado.

2.- Copia electrónica do exemplar escrito, **en outro sobre pechado** e en soporte electrónico. A copia electrónica deberá presentarse en soporte non modificable e deberá ser coincidente co exemplar escrito.

O proxecto será defendido ante a Comisión de Avaliación, nun acto público. No mesmo acto, a persoa aspirante defenderá a adecuación do seu currículo profesional ás características do posto de traballo e ao programa de obxectivos.



A orde de actuación dos/as aspirantes perante a Comisión de Avaliación iniciarase alfabeticamente a partir da letra “V”, de conformidade coa Resolución do 28 de xaneiro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 24 de 4 de febreiro).

Quinta.- Admisión de aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano convocante ditará resolución, que se publicará na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e na páxina web do “Espazo do profesional”, na que se declarará aprobada a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, así como as causas da súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión.

Para tal efecto, a estimación das ditas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, contra a cal se poderá interpor recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva.

Sexta.- Comisión de Avaliación.

Para a selección dos/as aspirantes, constituirase unha Comisión de Avaliación, que terá como finalidade avaliar a competencia dos/as candidatos/as e os méritos presentados, e elevar a correspondente proposta de resolución ao Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A Comisión de Avaliación estará integrada por cinco membros, catro dos cales serán designados directamente polo Xerente de Área Sanitaria da Coruña e Cee e un por proposta da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Dous dos membros directamente designados polo Xerente terán a



condición de Xefe/a de Servizo. Dous dos membros pertencerán á categoría e/ou especialidade requirida aos/ás aspirantes.

Todos os membros terán a condición de persoal estatutario fixo ou funcionario das categorías sanitarias do grupo superior de clasificación, ou titular de praza docente-asistencial do mesmo nivel.

O/a presidente/a da comisión será o Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee ou persoa en quen delegue.

A Comisión será asistida por un/unha Secretario/a de actas designado polo órgano convocante entre persoal funcionario do corpo superior ou estatutario fixo, de xestión e servizos, do grupo superior de clasificación.

O órgano convocante publicará nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Xerencia a Resolución pola que se nomean os membros da Comisión de Avaliación. Os citados membros deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano que efectuou o seu nomeamento, cando concorran neles algunha das circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros da Comisión cando concorran as circunstancias previstas na citada Lei.

No seu funcionamento, esta Comisión rexerese polo establecido no capítulo II, sección III, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Corresponde á Comisión de Avaliación concretar na valoración do currículo dos/as aspirantes, a puntuación a outorgar polos méritos baremables, nos termos e cos límites establecidos no Anexo II da Resolución da convocatoria así como avaliar os méritos aportados polos/as candidatos/as. Así mesmo, corresponde ao citado órgano a convocatoria dos/as aspirantes para a celebración do acto público de defensa do proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo e do currículo profesional. Entre a citación indicada e a súa celebración deberá mediar un prazo mínimo de cinco días. Aqueles aspirantes que, convocados en tempo e forma non comparezan, serán excluídos do citado procedemento de provisión. A valoración do proxecto técnico efectuarase nos termos e cos límites establecidos no Anexo II da Resolución de convocatoria.



Tralo acto público referido, a Comisión elaborará un informe razoado, axustado a criterios previamente establecidos, sobre a avaliación dos/as aspirantes, con asignación da puntuación desagregada nos apartados de currículo profesional e proxecto técnico relacionado coa xestión do Servizo.

Unha vez finalizada a valoración, procederáse a publicar pola Comisión de Avaliación nos taboleiros de anuncios da Xerencia a listaxe provisional coas puntuacións, desagregadas por apartados, asignadas aos/ás aspirantes, ou a proposta da Comisión de que se declare deserta a convocatoria, con apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación, de ser o caso, de reclamacións.

Despois da valoración das reclamacións pola Comisión avaliadora, publicarase a listaxe coas puntuacións definitivas ou ratificación da proposta de que se declare deserta a convocatoria. As reclamacións formuladas contra a resolución provisional serán rexeitadas ou admitidas por medio da resolución definitiva, que se publicará nos taboleiros de anuncios dos centros dependentes da Xerencia.

Os posibles empates nas puntuacións nas puntuacións totais do proceso resolveranse tomando en consideración os seguintes criterios:

- a) Pola orde de maior a menor puntuación obtida pola persoa interesada en cada apartado do baremos, pola orde das súas letras.
- b) De seguir existindo méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas, dirimirase o desempate a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta.

Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando na categoría obxecto de convocatoria exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

- c) De maior a menor idade.



A convocatoria quedará deserta cando non concorran aspirantes que reúnan os requisitos esixidos ou logo de proposta da Comisión no suposto de que ningún/ha candidato/a acade 15 puntos na avaliación do proxecto técnico de xestión do servizo.

Sétima.- Resolución.

A resolución, co nomeamento do/a aspirante, de ser o caso, seleccionado, será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Oitava.- Toma de posesión.

O/a aspirante seleccionado/a deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no Diario Oficial de Galicia.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada da persoa interesada, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.



Novena.- Avaliación do desempeño da xefatura.

O/a aspirante nomeado/a será avaliado antes que transcorran catro anos desde o seu nomeamento aos efectos de prorrogar o desempeño da xefatura por idéntico período de tempo ou proceder á súa remoción do posto de traballo. Neste último caso, darase audiencia previamente ao interesado.

Décima.- Cesamento.

Sen prexuízo do disposto na base novena, os/as profesionais nomeados/as poderán ser cesados pola Xerencia por causas sobrevidas, derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da Institución como da falta de capacidade para o desempeño do posto.

O incumprimento polo profesional nomeado do compromiso de dedicación exclusiva implicará a perda inmediata do posto de xefatura, acordada polo mesmo órgano que dispuxo o seu nomeamento.



ANEXO II

AVALIACIÓN DO CURRÍCULO PROFESIONAL, PROXECTO TÉCNICO E DEDICACIÓN EXCLUSIVA

1.- CURRÍCULO PROFESIONAL E PROXECTO TÉCNICO.

A puntuación total máxima do **currículo profesional e do proxecto técnico** será de 60 puntos coa seguinte ponderación:

1.1.- AVALIACIÓN DO CURRÍCULO PROFESIONAL (MÁXIMO 30 PUNTOS).

De conformidade coa base cuarta da convocatoria os méritos do currículo profesional configúranse co carácter de méritos avaliábeis obrigatoria e opcionalmente. O carácter, duns e outros, especificase a continuación:

DE VALORACIÓN OBRIGATORIA.

- Experiencia Profesional.
- Actividade docente e investigadora.

En ámbolos dous casos, os méritos serán indicativos da actualización dos coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño das correspondentes funcións.

DE VALORACIÓN OPCIONAL.

- Xefatura e coordinación de unidades e equipos.
- Titorías.
- Organización de formación.
- Participación en comités internos.



- Participación en proxectos institucionais.

1.2.- PROXECTO TÉCNICO RELACIONADO COA XESTIÓN DO SERVIZO (MÁXIMO 30 PUNTOS).

O proxecto será presentado e defendido ante a Comisión de Avaliación nun acto público. No mesmo acto, o aspirante defenderá a adecuación do seu currículo profesional ás características do posto de traballo e ao plan de obxectivos fixados no Anexo V.

2.- DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Asignarase ao compromiso de dedicación exclusiva á institución sanitaria durante o período de desempeño da xefatura, unha puntuación adicional de 20 PUNTOS.



ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA – ÁREA DE INNOVACIÓN E COORDINACIÓN EN CIRURXÍA ABDOMINAL TRASPLANTE

Resolución da Xerencia de Data: 25/05/2023	Nº DOG: 104	Data DOG: 2/06/2023
--	-------------	---------------------

DATOS PERSOAIS	
Apelidos e Nome:	NIF:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Enderezo electrónico:	Data de nacemento:

EXPÓN:

Que publicada a Resolución indicada no encabezamento, pola que se convoca a provisión dun posto de Xefe/a de Sección de Medicina Interna – Área de Crónicos Complexos, e reunindo os requisitos necesarios,

SOLICITA:

Sexa admitida a presente solicitude para participar na convocatoria para a provisión da praza convocada, e declara que son certos os datos que figuran na solicitude.

A Coruña, _____ de _____ de 2023

Sinatura _____

XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

As Xubias de Arriba, 84

15006 A Coruña



MODELO DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN:

Documentos e declaración que se xunta a esta solicitude:

- Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade do solicitante.
- Certificación acreditativa de ter praza en propiedade como persoal estatutario en situación de servizo activo e con tres anos de experiencia na categoría que ostente ou de desempeñar praza vinculada docente-asistencial cos mesmos requisitos.
- Certificación do Rexistro Central de delincuentes sexuais dependente do Ministerio de Xustiza, de non ter sido condenado/a por Sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual
- Currículo profesional.
- Proxecto técnico
- Orixinais ou copias compulsadas da titulación e dos xustificantes dos méritos aportados.
- Manifesta expresamente o seu compromiso de dedicación exclusiva á institución sanitaria xuntando, no seu caso, o Anexo IV debidamente cumprimentado ou declaración xurada de desempeñar praza vinculada docente-asistencial nesa mesma condición.

A Coruña, ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

As Xubias de Arriba, 84

15006 A Coruña



ANEXO IV

SOLICITUDE CONDICIONADA DE PERCEPCIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA – ÁREA DE INNOVACIÓN E COORDINACIÓN EN CIRURXÍA ABDOMINAL TRASPLANTE

<u>DATOS PERSOAIS</u>
Apelidos e nome:
Categoría Estatutaria:
Centro Sanitario:

EXPÓN:

Primeiro.- Que, de acordo co establecido no Decreto 11/95 de 20 de xaneiro opta por desempeñar os seus servizos para o Servizo Galego de Saúde en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo.- Que non desempeña ningunha outra actividade pública ou privada pola que perciba retribución algunha que, de acordo coa Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades, resulte incompatible coa percepción do complemento específico previsto no Real Decreto Lei 3/87, do 11 de setembro.

Por todo o anterior,

SOLICITA:

Que lle sexa aceptada a opción de prestación dos seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, coa conseguinte percepción do complemento específico que corresponda de acordo co sistema retributivo vixente.

Sen prexuízo do anterior, a validez e eficacia da presente solicitude queda condicionada á efectiva adxudicación do posto convocado de Xefe/a de Sección de Cirurxía Xeral e Dixestiva – Área de Innovación Trasplante ao/á asinante. De non resultar adxudicatario do citado posto considerarase a solicitude como non presentada e sen validez.

A Coruña, ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____



ANEXO V

PLAN DE OBXECTIVOS PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE CIRURXÍA XERAL E DIXESTIVA – ÁREA DE INNOVACIÓN E COORDINACIÓN EN CIRURXÍA ABDOMINAL TRASPLANTE.

INTRODUCCIÓN

O desenvolvemento de Unidades de Cirurxía de Alta Capacitación ou Superespecialización dentro do ámbito da Cirurxía Xeral e do Aparello Dixestivo é un feito desde hai décadas e a crecente complexidade no desempeño das tarefas específicas das devanditas unidades requiren de referentes que exerzan as funcións de coordinación e liderado. Doutra banda, a innovación en cirurxía é cada vez máis importante e a elección das mellores técnicas para mellorar a saúde dos pacientes precisa dunha atención e dedicación especial por parte dun cirurxián co perfil adecuado para esta misión.

A área de Cirurxía Hepatobiliar (HBP) e Transplante é unha das unidades que contan con maior nivel de autonomía e cunha maior necesidade de autogestión en relación aos recursos humanos en virtude da reprogramación diaria necesaria pola atención ao campo do Transplante Abdominal sen que se vexan prexudicadas o resto das tarefas asistenciais. O devandito campo da especialidade ten unha alta implicación coas innovacións en cirurxía xeral, en cirurxía de mínima invasión e no campo do transplante visceral.

PLAN DE OBXECTIVOS

As funcións do posto de Xefe de Sección de Innovación en Cirurxía, Cirurxía Hepatobiliar e Transplante serán as de valoración da innovación en cirurxía para a súa posterior implementación con seguridade e sustentabilidade e a organización e xestión da Unidade Hepatobiliar e Transplante (descritas a continuación), así como as que puidesen ser encomendadas pola Xefatura de Servizo e os Órganos Directivos da área Sanitaria.

O proxecto comprenderá a definición, os obxectivos, a revisión e a actualización continuada desta Xefatura de Sección dentro da área Sanitaria da Coruña e Cee. O proxecto deberá facer referencia ás funcións asistenciais, de xestión, de avaliación de calidade, docentes e investigadoras, centradas nas necesidades dos pacientes con patoloxía cirúrxica hepatobiliar.

1. OBXECTIVOS ASISTENCIAIS



Obxectivo 1.1. Establecer as liñas estratéxicas asistenciais da área de Innovación en Cirurxía e de Cirurxía HBP e Transplantes, que estarán aliñadas coas do Servizo de CGD, da área Sanitaria de Coruña e Cee e coas do SERGAS.

Obxectivo 1.2. Deseñar liñas de traballo específicas da Cirurxía HBP e Transplantes relacionadas coa redución da variabilidade da práctica clínica, implantación de guías clínicas e melloras no proceso de doazón de órganos e técnicas de extracción e implante de órganos de transplante, todo iso con enfoque de área integrada no seo do SERGAS.

Obxectivo 1.3. Establecer unhas liñas asistenciais propias da Cirurxía HBP e Transplantes que estean aliñadas coas liñas de cultura de calidade e seguridade para a paciente da área Sanitaria e do SERGAS.

***INDICADOR:** Descrición de fortalezas, debilidades, oportunidades do servizo. Proposta de plan de seguimento da implantación de todas estas liñas e do seu desenvolvemento, mantemento e mellora, a través dun organigrama funcional e dun cadro de mando da área de competencia.*

Obxectivo 1.5. Identificar os procesos craves da unidade, con maior transcendencia clínica, económica e de seguridade para o paciente. Os procesos estarán aliñados coa estratexia do Servizo, da área Sanitaria e buscarán xerar valor engadido e continuidade asistencial.

Obxectivo 1.6. Elaborar un circuíto específico para o manexo dos pacientes derivados desde a área de Urxencias que competen á actividade da área HBP.

Obxectivo 1.7. Definir os procesos de baixa incidencia e pouco frecuentes pero alto impacto en saúde e impacto económico.

Obxectivo 1.8. Detección, análise e desenvolvemento dos procesos asistenciais que precisen actualización e de novos procesos asistenciais que por omisión ou por innovación non estivesen xa incluídos.

Obxectivo 1.9. Optimización da actividade cirúrxica e da avaliación e incorporación de novas tecnoloxías e técnicas cirúrxicas no ámbito da unidade.

***INDICADOR:** Elaboración de mapa de procesos e plan/plans de actuación.*



2. OBXECTIVOS DE XESTIÓN E COORDINACIÓN

Obxectivo 2.1. Deseño dun Plan Funcional de todos os recursos da Unidade consensuada coa Xefatura do Servizo e a Dirección. Este plan debe incluír unha carteira de servizos detallada e actualizada, un organigrama, un plan de traballo, así como unha visión dos recursos da unidade a medio prazo.

Obxectivo 2.2. Elaborar un plan estratéxico de mellora das relacións da unidade con outros servizos do centro hospitalario que permita unha óptima coordinación e permita a mellora da eficiencia, con especial mención á innovación en cirurxía que teña un compoñente transversal, interdepartamental.

Obxectivo 2.3. Establecer un plan de alianzas que melloren a relación con outros centros hospitalarios e outros axentes externos, especialmente na área da Innovación, o Transplante Abdominal e da Cirurxía Hepática avanzada, na cal se é referencia.

INDICADOR: *Plan funcional bianual. Inclusión desta información no mapa de procesos.*

3. OBXECTIVOS DE CALIDADE E SISTEMAS DE INFORMACIÓN

Obxectivo 3.1. Propoñer un cadro de mandos para a Unidade con indicadores sobre calidade e seguridade, que teña en conta a posibilidade de explotar a información da historia clínica electrónica, así como as actividades realizadas polos membros da unidade fose do espazo físico da mesma (centro tecnolóxico, centros concertados, urxencias). Identificar e definir a indicadores clave para a sección na área asistencial.

INDICADOR: *Proposta de cadro de mandos mensual. Establecer un plan de medición e avaliación dos indicadores que incidan sobre os pacientes, profesionais, clientes internos e a comunidade, que se atopen alienados coas liñas estratéxicas previas e coas do Servizo, a área Sanitaria e o SERGAS.*

Obxectivo 3.2. Establecemento de alianzas de mellora de funcionamento e mellora da eficiencia a través de Comités Clínicos da área Sanitaria. Considéranse comités de especial relevancia para a actividade da unidade aqueles referentes á humanización, ás enfermidades infecciosas e á dor.

INDICADOR: *Participación en Comités clínicos da área Sanitaria.*



4. OBXECTIVOS DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Obxectivo 4.1. Diseñar un plan de formación continuada cun programa anual para facultativos especialistas e médicos residentes rotantes na unidade. Dotar de continuidade aos cursos de formación que veñen realizando en colaboración co Centro Tecnolóxico de Formación.

INDICADOR: *Plan de formación anual.*

Obxectivo 4.2. Implicación na formación pre e posgraduado, garantindo a tutela dos profesionais en formación e incluíndo a tutorización de traballos de fin de grao de estudantes universitarios.

INDICADOR: *Elaboración dun informe anual.*

Obxectivo 4.3. Desenvolvemento de estratexias de investigación integradas na política investigadora da área Sanitaria. Deberanse expoñer as fortalezas e debilidades da unidade na área de investigación clínica, así como unha memoria da actividade realizada nos últimos anos. Deberanse identificar e propoñer os indicadores básicos da actividade investigadora da unidade, tales como o factor de impacto, o número de publicacións con JCR, os proxectos de tese doutoral ou as comunicacións científicas a congresos.

INDICADOR: *Exposición da actividade científica na unidade, proxectos de investigación, publicacións, comunicacións científicas. Elaboración dun plan de impulso á investigación a curto, medio e longo prazo.*

Obxectivo 4.4. Elaborar un plan de investigación propio da área de Innovación e Cirurxía Hepatobiliar e Transplante, aliñado co plan xeral do Servizo, fomentando a participación en proxectos de investigación, ensaios clínicos e proxectos multicéntricos.

INDICADOR: *Plan de investigación da sección.*



ANEXO VI

PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS A TRAVÉS DO FIDES

a) Formación Académica	<p>Acreditarase, segundo o suposto, mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia de cada un dos méritos invocados polo aspirante e data en que foron causados. No relativo aos cursos de doutoramento, para que o dito mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que o/a aspirante realizou todos os cursos de doutoramento e indicar o programa e créditos obtidos. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro (UE) achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación Español.</p> <p>O expediente académico e cualificacións obtidas requiren, para a súa valoración, a presentación da certificación de recoñecemento ou equivalencia oficial.</p> <p><u>Supostos específicos.</u></p> <p>a) A acreditación da <u>formación máster</u> efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS asignados á dita actividade formativa.</p> <p>Poderá requirirse a persoa aspirante a achega do programa formativo nos supostos en que non quede suficientemente acreditado a relación do seu contido co ámbito das ciencias da saúde.</p> <p>b) A <u>docencia universitaria impartida</u> acreditarase mediante certificación da respectiva universidade, na cal se fará constar expresamente o cargo docente,</p>
------------------------	---



	<p>tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento en que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.</p>
b) Formación continuada	<p>a) Recibida: acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso no que deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Poderá requirirse á persoa aspirante a achega do programa formativo ou categoría/s destinataria/s.</p> <p>No suposto de cursos acreditados pola Comisión Nacional (ou Autonómica) de Formación Continuada deberá constar o organismo ou entidade que convocou e impartiu a dita actividade formativa, título da actividade formativa, as datas de realización, número de créditos e/ou horas asignados, logotipo da respectiva comisión e ademais o número de expediente se se trata de actividades formativas posteriores a abril de 2007.</p> <p>Normas específicas para a formación en liña. Valoraranse aqueles diplomas de cursos en liña en que conste o número de créditos, número de expediente e logotipo da Comisión de Formación Continuada. Non será necesario que conste o número de expediente se se trata de cursos anteriores a abril de 2007.</p> <p>Serán válidos ademais aqueles diplomas asinados dixitalmente por Dixital Learning cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable polo órgano de selección. Noutro suposto deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa que conterá toda a información exixida neste punto.</p> <p>No suposto de formación en liña con desenvolvemento nun rango de datas, será válida a formación que conste superada dentro das ditas datas.</p> <p>Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos en que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.</p> <p>Non se deberán introducir como formación continuada os abstract, comunicaci3ns e pósters, salvo que se certifiquen como acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola</p>



	<p>Comisión Autónoma e no respectivo diploma consten todos os ítem requiridos para a súa catalogación. Poderanse introducir en publicacións se foron publicados en revistas científicas.</p> <p>Tampouco son valorables neste apartado as asistencia a congresos, xornadas, seminarios, etc, agás que estean debidamente acreditados pola Comisión de Formación continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola comisión autónoma.</p> <p>Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.</p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p> <p><u>b) Impartida:</u> acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante na cal deberá constar o contido da actividade formativa así como o número de horas de docencia impartidas. Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
c) Formación especializada	<p>No suposto de titulacións obtidas en España, acreditarase tal mérito mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación emitida pola respectiva Comisión de Docencia ou Rexistro Nacional de Especialistas en Formación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade de ter completado o período de formación conducente á obtención do título da respectiva especialidade, que deberá indicar a data de superación.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas noutros Estados da Unión Europea achegarse xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p> <p>As titulacións obtidas no estranxeiro (non UE) deberán acreditarse coa presentación da copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito</p>



d) Docencia de formación sanitaria especializada	<p>Acreditarse mediante certificación asinada pola Comisión de Docencia do centro onde se impartise esta, na cal deberán constar expresamente os períodos de desenvolvemento de tal actividade e condición en que se impartiu.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito</p>
e) Experiencia Profesional	<p>A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente na cal deberá constar a seguinte información: categoría/especialidade, tipo de vínculo (fixo, temporal, atención continuada, formación, promoción profesional temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/nº de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación, réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>A experiencia profesional en centros privados acreditarase mediante certificación da empresa na cal deberá constar a información arriba indicada, ou contrato laboral. En ambos os supostos xunto coa citada documentación deberá presentarse un informe de vida laboral emitido polo INSS.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias públicas, tal certificación deberá facer constar expresamente a natureza pública da institución e a súa integración no sistema sanitario público do Estado respectivo. Noutro caso a experiencia profesional non será obxecto de valoración.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas concertadas deberá quedar debidamente acreditado no certificado a existencia dun concerto co respectivo servizo de saúde autonómico ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea nos períodos de vinculación. Noutro suposto tal mérito non será valorado.</p> <p>No suposto de institucións sanitarias privadas acreditadas para a docencia, deberá quedar debidamente acreditado no certificado que se achegue a condición de institución acreditada no ámbito do SNS ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea para a formación de especialidades de profesións sanitarias.</p> <p>Non será necesario acreditar documentalmente a experiencia profesional nas</p>



	<p>institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade así como a condición de centro concertado co Servizo Galego de Saúde.</p>
f) Publicación de traballos científicos e de investigación	<p>Revistas científicas indexadas en Pubmed. Non será necesaria a súa acreditación documental. O/a aspirante consignará na aplicación informática, no espazo habilitado para o efecto, o código de identificación PMID e rexistrará manualmente a información relativa a número de sinaturas, número de orde de sinaturas e tipo de publicación. O sistema realizará a captura automática da información relativa aos outros campos da base de datos de Pubmed para a súa posterior validación.</p> <p>Revistas científicas indexadas no CSIC (ICYT, ISOC), IBECS, Web of Knowledge (Wos), Embase, PsycINFO. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa compulsada ou autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivo de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.</p> <p>Libros/capítulos de libro editados en papel. Deberá presentarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Libros editados en formato electrónico. Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
g) Premios	<p>Acreditarase tal mérito mediante copia compulsada do diploma de concesión.</p>



de investigación	<p>Se no diploma non consta expresamente o seu ámbito, deberá complementarse tal documentación coa achega das bases de convocatoria do premio.</p> <p>Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
h) Proxectos de investigación	<p>A participación como investigador principal no proxecto de investigación acreditarase mediante copia da publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o investigador, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador, en que consten os datos identificativos do interesado e do proxecto no que participa.</p> <p>A participación como investigador colaborador acreditarase mediante a presentación da copia de resolución de convocatoria se nela consta tal participación. O/a aspirante deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que haxa cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.</p> <p>No suposto de que o organismo convocante non expida certificados de participación deberá achegarse certificado asinado polo investigador principal no cal conste a identidade do/s colaborador/es, notificación acreditativa de concesión do proxecto ao investigador principal expedida polo organismo e copia do proxecto orixinal enviado a convocatoria no cal deberá constar a identidade dos investigadores colaboradores.</p>
l) Compulsa de documentos	<p>As copias dos documentos orixinais acreditativos de méritos que se acheguen deberán estar cotexadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p>
m) Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais, deberán ir acompañadas da súa tradución ao <u>castelán ou galego</u>, que deberá ir efectuada:</p> <p>a) Por tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</p> <p>b) Por calquera representación diplomática ou consular do Estado español no</p>



estranxeiro.

c) Pola representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida.